

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE A.E.R. SOBRE VERTIDOS AOS RÍOS

PLENO 26 SETEMBRO 2013. ACTA 16/2013

Moción do grupo municipal AER, presentada no rexistro xeral en data 20/09/2013, con número 12976, da seguinte tenor:

“Vista a incapacidade, a ineptitude, o deixamento e a falta de sensibilidade ambiental que amosan fronte as reiteradas agresións que se veñen producindo nos nosos ríos; e vista a impunidade coa que determinados indecentes se rin de vostedes, e por engadido de todos os redondeláns, non nos queda outra que propor os seguintes ACORDOS:

- 1. Instar a Augas de Galiza e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a actuar con urxencia na instauración da zona de servidume dos nosos ríos, e permita dese xeito determinar con celeridade os lugares orixe dos verquidos ilegais.**
- 2. Promover unha rede de alertas cunha forma de contacto eficiente e operativa para as denuncias dos verquidos aos ríos.**
- 3. Promover a creación dunha rede de voluntarios entre os veciños e veciñas próximos aos ríos mediante campañas de información e concienciación, para que colaboren na detección e identificación da orixe dos verquidos.**
- 4. Iniciar e dar continuidade a toda investigación, ata a súa finalización, da orixe de cada verquidos unha vez localizado o punto onde se produce. Finalizando sempre cunha proposta de solución e/ou sanción.**
- 5. Actuar desde o Concello como acusación e solicitar as máximas penas para os contaminadores intencionados.”**

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as concelleiros/as, sendo vinte e un votos a favor (10 do PP, 8 do PsdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER) acorda aprobar os acordos da moción transcrita, retirando a exposición de motivos a tódolos efectos.